

# Cantares para Rosalía

Nove poetas galegas dialogan cos seus versos



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

**Editoras**

María do Cebreiro Rábade  
Dolores Vilavedra

**Edita**

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA, 2013  
Pazo de Raxoi · 2º andar · Praza do Obradoiro  
15705 · Santiago de Compostela  
T 981 957 202 · F 981 957 205  
correo@consellodacultura.org  
www.consellodacultura.org

© Dos textos, as autoras

**Proxecto gráfico**

Imago Mundi Deseño

**Realización**

Lúdica7

Depósito Legal: C 1749-2013  
ISBN 978-84-92923-27-4

# Cantares para Rosalía

Nove poetas galegas dialogan cos seus versos



Santiago de Compostela, 2013

# Presentación

Ramón Villares

## CANTARES NOVOS CON ROSALÍA

O programa do Congreso Internacional *Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada*, iniciativa que o Consello da Cultura Galega organizou e desenvolveu entre febreiro e xuño de 2013, acolleu o 21 de marzo un fermoso recital poético, co que se coroou unha das sesións daquel congreso. Nove poetas galegas cantaron e homenaxearon, cento cincuenta anos despois, a autora dos *Cantares gallegos* (1863), nun íntimo e persoal diálogo cos seus versos aurorais.

Aquel recital, coordinado polas profesoras María do Cebreiro Rábade e Dolores Vilavedra e presentado pola xornalista Comba Campoy, propiciou esta publicación dos *Cantares para Rosalía*, creados e ditos por Lupe Gómez Arto, Luz Pozo Garza, María Xosé Queizán, Olalla Cociña, Xiana Arias Rego, Yolanda Castaño, Estíbaliz Espinosa, Lorena Souto e Ana Romaní. A música da palabra, agora impresa, vén a unirse ás outras iniciativas coas que esta institución quixo honrar a nosa primeira autora, quen cantara, con apaixonada determinación, a súa patria, as súas xentes e a súa lingua.

*Cantart'ei, Galicia,  
Teus dulces cantares,  
Qu'así mó pediron  
Na veira do mare.  
Cantart'ei, Galicia,  
Na lingua gallega,  
Consolo dos males,  
Alivio das penas.*

Viron os *Cantares gallegos* novamente a luz en edición facsimilar, impulsada pola Xunta de Galicia, o Parlamento de Galicia e o Consello da Cultura Galega; e, logo do recital referido, foi tamén Rosalía a protagonista do Concerto *Día das Letras Galegas*, en San Domingos de Bonaval, e da edición –poemas e partituras– do libro *Aqueles doces cantares. Unha ofrenda musical a Rosalía de Castro*. Bonaval acolleu, así mesmo, o recital *No bico un cantar. Nenos e nenas cantan a Rosalía*. Máis de catrocentas voces infantís compuxeron imaxes e sons únicos ao abeiro do Panteón de Galegos Ilustres, onde a nosa cantora repouza, na súa Compostela natal, desde 1891.

Moito debe Galicia, e non só as letras galegas, ao «grande atrevemento» de Rosalía de Castro (1837-1885) para idear, escribir e dar a lume en 1863 os *Cantares gallegos*. A poeta, lúcida e valente, soubo dar pasos decisivos para o rescate e a reivin-

dicación da lingua, da expresión popular, para a defensa e a reivindicación da Galicia, «a miña infeliz patria», que malvivía na segunda metade do século XIX, da Galicia descoñecedora da crucial significación do libro saído da imprenta de Juan Compañel no número 12 da rúa Real de Vigo. Versos para a defensa da necesaria dignificación da lingua e da patria, defensa conxunta e irrenunciable, «móvil principal que me impeleu a publicar este libro», con case todo por facer, como corresponde a un verdadeiro momento auroral, que Rosalía subliña cando anota que puxo «o maior coidado en reproducir o verdadeiro espírito do noso pobo». A poeta anunciaba unha alborada.

A esa alborada veñen a sumarse agora nove poetas galegas deste tempo, que, coa súas novas olladas, proxectan e enriquecen, no século XXI, o resultado da creatividade rosaliana. Aquí están os seus versos, cos que as poetas quixeron cantar os *Cantares*. Nove poetas, guiadas por una musa única, celebraron deste modo a chegada dunha nova primavera. O recital poético foi, alén dunha merecida homenaxe, un contributo orixinal para a celebración entre nós do Día da Poesía, que cadrou exactamente naquel día de estudo da obra de Rosalía. Agradezo *ex toto corde* a xenerosidade coa que estas nove musas de hoxe aceptaron o convite do Consello e acudiron á chamada da poesía que representan de parcería a primavera e a propia Rosalía.

**Adro**

Comba Campoy



A s efemérides son unha escusa para proxectar un feixe de luz nova naquelas partes de nós que, no remuíño do día a día, guindamos ao faio. O 21 de marzo de 2013 concentráronse as efemérides, e no día da poesía que inaugura a primavera, aínda no mes das mulleres, celebramos o ano 150 da publicación dos *Cantares gallegos*. Abrimos as ventás da casa e deixamos que entrase a luz da alborada luminosa, aínda que chovese miudiño, anque ventase forte. Que entrase o aire fresco da mañá e espertasen da súa letarxia os versos fundamentais que inauguraron unha nova etapa no relato da nosa historia común. Conmemoramos a aparición dun poemario fundamental. Alegato poético e político, proxecto consciente dunha muller por traducir en versos o sentimento dun pobo do que se sente parte. Un pobo que chegou a identificarse cos *Cantares* até facelos propios. Unha muller que escribe e que se considera escritora profesional, mal que lles pesara ás mentes bempensantes, mal que lles pese aínda hoxe. Muller poeta e escritora, infeliz-

mente reducida a clixés durante anos, comeza pouco a pouco a liberarse dos hábitos aos que a tiñan condenado. Falamos hoxe dunha Rosalía do século XXI, á que as lectoras contemporáneas poidan achegarse sen prexuízos e conscientes da vixencia da súa poesía. Que as escritoras e os escritores deste tempo a fagan súa, que se nutran dela, que beban da súa savia para tecer novas teas, mais non en soidade.

Son eses os *Cantares* que viñemos cantar. Os mesmos que nove Rosalías, nove mulleres que enchen a súa vida coa escrita e nola enchen a nós, lectoras, vestiron para festexar o día da poesía. Nove mulleres cunha musa soa. Os versos dos *Cantares* servíronlles de fromento e os versos levedaron na cunca das súas mans. Ofrecéronnos boliños quentes de gostos e feitura variadas, mais todos eles deliciosos ao padal. Froito da alta cocíña poética, velaquí un menú co que nos agasallaron: todo el é Rosalía, deconstruída e reinventada sen perder o sabor orixinal nin a intensidade da mordida.

O primeiro prato bebe dos versos do cantar primeiro, o que abre o poemario e anuncia o propósito da autora. Partindo dunha estrofa popular, en xogo literario similar ao que nesta ocasión abordamos, o eu poético sitúase nunha moción á que lle piden que cante “na lingua que eu falo”. O interlocutor descóbrese axiña nas ondas do mar, nos cauces do

río, na paisaxe fermosa que inspirará moitos dos cantares, e nas xentes que a habitan. A lectura é clara: *Cantares gallegos* é a resposta á chamada dun pobo, dunha terra, para que resitúan a súa voz perante o silenciamento e as afrontas ás que a teñen condenado. Lupe Gómez foi convidada a xogar cos versos deste poema-manifesto.

*Canta si queres,/ Rapaza do demo,/ Canta si queres,/Dareich' un mantelo.*

*Canta si queres/ Na lingua qu' eu falo,/ Dareich' un mantelo./ Dareich' un refaixo<sup>1</sup>.*

Avanzamos polo poemario e detémonos na primeira estrofa do segundo cantar, onde o eu poético se confunde facilmente coa voz da autora. O pretexto do agre desamor non impide imaxinar á poeta detrás da Rosa magoante e magoada que entoa o lamento. Luz Pozo dialoga con estes versos:

*Nasin cand' as prantas nasen,/ Nô mes das froles nasin,/ Nunh' alborada mainiña,/ Nunh' alborada d' abril.*

---

<sup>1</sup> *Cantares gallegos*, Madrid, Librería de D. Leocadio López, editor, 1872. (Imprenta Rivadeneyra). De agora en diante, sempre que se citen os *Cantares* será por esta edición.

*Por eso me chaman Rosa,/ Mais á dó triste sorrir,/ Con  
espiñas para todos,/ Sin ningunha para tí.*

Deixámonos levar polo arrollo dos *Cantares* até caer naquel que glosa as verbas populares “con esta miña gaitiña/ás nenas hei de enganar”. Baixo a aparente levidade duns versos que poderían parecer costumistas, este poema desvenda a outra cara do gaiteiro. Tras a ledicia das festas, o engano ás mocías. O poema « Un repoludo gaiteiro» é un retrato acedo da afectividade campesiña, da pretendida liberalidade dalgúns contextos, falsa paréntese no habitual clima de represión sexual do mundo tradicional galego. A voz poética de María Xosé Queizán adéntrase neste escenario trazado por Rosalía.

A seguinte parada déixanos no terreo do medo. O moucho xorde das tebras como ser terrorífico. A moza que camiña soa, exposta ás ameazas dun mundo que a reclúe ao ámbito do fogar, estremécese diante da visión. Mais reponse e lanza o seu desafío ao paxaro nocturno. Sexas home ou sexas moucho: non che teño medo! Olalla Cociña, que aprendeu a falar cos mouchos e as curuxas para non terlles medo, glosa o cantar «Eu ben vin estar ó moucho».

*Arrepuñadas todas/ As carnes se me puñeron,/ E os  
cabelos no curuto/ Fórons' erguendo direitos:/ Gotas de  
sudor corrian/ Afío pó lo meu peito,/ E trembaba como  
tremban/ As auguas, cando fay vento,/ Ná pia da fonte  
nova/ Que sempre está revertendo.*

Detémonos agora no cantar «Roxiña cál sol dourado». Neste poema amósase indiscutibelmente a face crítica da autora, que non por cantar o amor pola súa terra ignora as inxustizas que nela proliferan. A meniña da montaña, lavandeira desterrada á vila, sofre de saudade e do desprezo dos veciños. Ela arreponse firme, mantén o orgullo fronte ás inxustizas e ao desclasamento. Os versos de Xiana Arias inspíranse naqueles que din...

*Por eso á meniña hermosa,/ Foxe d' alegre fontaña,/ Tal  
como triste ovelliña/ Que trema de dor queixosa./ Vay  
sentida, vay chorosa,/ Mentras lle cantan con saña:/  
—¡Da montaña! ¡da montaña!*

*Y ela, que de tal s' estraña/ Ferida no que mais sinte,/  
Qu' á maltraten non consinte,/ Y así lles contesta uraña:/*

*Anque ché son da montaña,/ Anque ché son montañesa,  
Anque ché son, non me pesa.*

As musas xogan agora co poema «Non che digo nada...». De novo a fraseoloxía popular serve de escusa para articular unha reflexión sobre o mundo que rodea á poeta. Hai tanto de inexplicábel na forma en que funcionamos as persoas, gobernadas polas aparencias e os prexuízos que... *Non che digo nada... pero vaya!* Correspóndelle a Yolanda Castaño glosar estes versos:

*Pasan n' aquesta vida/ Cousiñas tan extrañas,/ Tan raros  
feitos vense! Neste mundo de trampa;/ Tántos milagres  
vellos/ Tan novas insinanzas,/ E tan reboltos allos/ Con  
nome d' ensaladas,/ Que non che digo nada.../ Pero  
vaya!*

A música, presente en todos os cantares, soa de xeito especial no titulado «Vente, rapasa». O eu que o canta, a ritmo de muiñeira, vai interpelando en ton retranqueiro todo o seu contorno. Un lenzo brincadeiro da vida labrega, do que Estíbaliz Espinosa glosa dúas estrofas xunto con algúns versos de «Eu ben vin estar ó moucho» e «Campanas de Bastabales».

*Gachi, gachi,/ Que dencho de gato!! Como se farta/ No prebe do prato!*

*Inda rebentes,/ Larpeiro rabudo!! Qu' inda na gorxa/ Ch' aperten un nudo!*

A oitava musa atopámola no poema que comeza co popular «Como chove miudiño». De novo o espazo natural é o asento desde o que expresar unha fonda saudade. Os lugares queridos da poeta van pasando polos seus ollos, atravesando aquel manto de orballo que axitara a súa melancolía. E a casa da familia materna, metáfora do desmoronamento da fidalguía galega está nos versos dos que bebe Lorena Souto.

*E tamen vexo enloitada/ D' Arretén á casa nobre/ Dond' á miña nay foy nada,/ Cal viudiña abandonada/ Que cay triste ô pe d' un robe.*

*Ali esta sombra perdida/ Vós sin son, corpo sin alma,/ Amazona mal ferida/ Qu' ô sentir que perd' á vida/ Se adormece en xorda calma.*

Chegamos á fin deste cantar colectivo. Facémolo dialogando coa «Alborada», xogo musical e luminoso, un estalo de alegría, onde Rosalía, xa case pechando os *Cantares*, chama á sonoridade, á solidariedade entre mulleres. Así o sentimos nesa estrofa exultante coa que dialoga Ana Romaní, e que é un agasallo para o ánimo nestes tempos sombrizos:

*Arriba!! Todas, rapaciñas do lugar!! Que ó sol/ Y á aurora xa vos vén á despertar.*



**CANTARES**

Canta si queres,  
Rapaza do demo,  
Canta si queres,  
Dareich' un mantelo.

Canta si queres  
Na lingua qu' eu falo,  
Dareich' un mantelo.  
Dareich' un refaixo.

(Do poema «As de cantar»)

## **CARTA-CHAQUETA DE FARRAPOS VELLOS PARA ROSALÍA**

— Pequeno discurso para nenos sen memoria: Creo que cantar é contaxioso, e que por iso vale a pena o Canto. Cando vou coa miña veciña Lola de Fisteus ao río ou ao cemiterio, ela canta e pásao tan ben cantando, ela é tan feliz, que a min tamén me dan ganas de cantar, aínda que eu canto moi mal. Rosalía era, e segue sendo, unha poeta moi grande, pero tamén me gusta vela e imaxinala como unha muller “pequeniña”, porque creo que a ela gustaríalle verse a si mesma así, pequeniña, porque era moi sinxela, moi humilde, moi humana.

— Oración fúnebre: Para que te sintas contenta na túa tumba de herba e para que os airiños te leven a un LUGAR que é moi bonito porque en realidade NON EXISTE.

— Afirmación dunha Nube Pasaxeira: UN BOLÍGRAFO É UNHA NAVE ESPACIAL.

— REMITE-Lupeverdiazul, nena que vive nun paraíso de acróbatas ilusionados.

— Postdata debuxada no túnel dos DESEXOS: Chegará un día no que seremos libres, humanas e pequeniñas como a enerxía subterránea das flores e dos automóviles.

— Compostela- Barrio da Fantasía e do Amor- 5-febreiro-2013

Querida amiga Rosalía- Elefante de Terra e de Cristal:

Gústame máis escribir cartas para persoas mortas que para xente viva, porque os mortos escoitades mellor e sentides máis profundamente a Caligrafía Secreta das NUBES. Ti es a miña Amiga desde sempre, desde o 24 de febreiro de 1837, cando naciches para encher o mundo con perfume elegante de camelias. Eu vou nacer, e vou morrer, o 12 de febreiro de 1972, nunha casiña velliña de PEDRA. *A Pobreza é un proxecto político*. Agora vivo nunha preciosa e húmeda Casiña de Chocolate en Compostela, na Rúa dos Basquiños, Barrio da Beleza Desordenada, moi cerca da túa marabillosa tumba de Bonaval. *Na lingua que eu falo. No estómago político das vacas*. Teño unha HORTA CÓSMICA

e algunhas noites abrazo intensamente a túa Poesía: os “Cantares Gallegos”, as “Follas Novas”. Abrazo ás árbores e ás estrelas enigmáticas do Ceo para sentirme Galega e Estranxeira como os ollos dos Gatos. *Dareiche un mantelo. Dareiche un refaixo. Os elefantes corrían costa abaixo, chocando coa Néboa.* Durante moito tempo –anos, séculos, toda a miña infancia, toda a miña adolescencia– a túa OBRA LITERARIA e o teu nome perfecto e santo, pesáronme moitísimo, como se ti, a poeta máis guapa do mundo, foses un XUSTILLO que me impedía falar, expresarme, manifestar os meus sentimentos, a miña feminidade, o meu amor. *Canta, si queres, rapaza do demo. As vacas corrían costa arriba chocando cos cornos máxicos das bolboretas brancas.* Redescubrinte, Rosalía, mirándome na auga limpa do Río de Fisteus e cantando alegres cancións coa miña veciña Lola, agricultora que chora e baila na Feira de Curtis, os días 9 e 23 de cada mes. *“O amor da costureira era Papel e mollouse. Agora, costureiriña, o teu Amor acabouse.”* Agora quérote moitísimo, Rosalía. Quero moitísimo as Sombras Negras e Brancas que navegan no océano do teu mantelo, no bosque animado do teu refaixo. *Unha mazá é un proxecto político.* Eu creo que a Morte é de cor Branca, aínda que todas as estadísticas digan que a morte é negra. Eu creo que ti, Rosalía, es vital, loitadora e alegre, e

a morte tamén é alegre, aínda que os medios de comunicación digan mentiras e vomiten moito lixo. Unha Nai é como un mapa para orientarnos na Vida. A miña Nai morreu o 20 de xaneiro deste ano 2013 e con ela tamén morreu o alento das miñas palabras, pero ti mais eu sabemos que non estamos soas, porque temos amigos e amigas, e no Final de todas as Preguntas, sentímonos cada vez máis enraizadas na Terra, no corazón da Terra.

— Grafitti cheo de Nostalxia: Non estamos sós, non estamos soas porque seguimos tendo a poesía de Uxío Novoneyra. Gustaríame invocar aquel poema seu que dicía:

SOLA da Terra ti sabes que o ceo non é noso.  
Poden inseguranza e desamparo i acolleste ós bés certos  
a casa! o val! a patria homilde!  
Nosa patria pola que ti clameas furando a noite!

— CARTA PEQUENIÑA PARA FACER UNHA FESTA  
NO BOSQUE:

7-febreiro-2013

Querida Rosalía- Barquiño Acuático:

Esríboche esta carta minúscula para que o teu corazón sexa forte e lixeiro como o corazón misterioso dun paxaro; para que non che pesen moito os ollos aínda que teñas unha NEGRA SOMBRA escrita e debuxada na alma. *Hai bicicletas namoradas na barriga intimista dos cabalos. Hai neve, moita neve nos prados e na lingua que eu falo.* Ser traducidas a outros IDIOMAS resulta necesario e vital para nós, para non afogar dentro das nosas propias palabras. *É como escoitar atentamente a música desesperada dun piano.* O mundo é grande, ancho. Falamos o italiano, o portugués, o alemán, o francés, o inglés, o castelán. Habitamos Lugares marabillosos, carballeiras cheas de AUGA.

— Música para lobos:

Cantamos para que  
a noite sexa  
menos eterna.

— Cantiga que naceu na sombra dunha árbore chea de flores:

“CANTA, SI QUERES,  
CANTAR, E SI NON QUERES  
CANTAR, ESTATE CALADA.”

— Maquillaxe para a túa cara redonda:

Tés uns olliños tristes, Rosalía, pero tamén es unha  
ACTRIZ ROMÁNTICA na inmensa profundidade dos bos-  
ques e no FONDO DO MAR.

— Buscando na caixa máxica dos xoguetes, atopei un  
poema do meu libro “Pornografía”, titulado como “ENFO-  
QUE TEÓRICO”. Era para o meu pai e a miña nai, que xa



están os dous mortos. Tamén estaba escrito dalgún xeito para Rosalía, e para todas as mulleres galegas, e todos os homes galegos:

“A muller é  
un cristal  
atravesado por  
unha patria”.



Nasin cand' as prantas nasen,  
Nô mes das froles nasin,  
Nunh' alborada mainiña,  
Nunh' alborada d' abril.  
Por eso me chaman Rosa,  
Mais á dó triste sorrir,  
Con espiñas para todos,  
Sin ningunha para tí.

(Do poema «Nasin cand' as prantas nasen»)

## TEMPOS MENESTEROSOS ROSALÍA

\*

Nacer naciches coas flores:  
en tempos menesterosos

Semella unha profecía:

O mar do Orzán está en calma  
O Sar - de amor - apenas se respira

No silencio da sombra consagrada  
bates coas noites frías

de obstinados reiseñores  
de obstinados reiseñores a porfía

miña amada miña amiga...

Muller que en tal signo nace  
ten a virtude de enfiar o espazo  
como unha pomba lírica

desde o monte Xistral ata as Fisterras  
e contemplar a terra benamada  
en total e absoluta perspectiva

miña amada miña amiga...

\*

Transida de herbas moi leves  
de herbas moi finas... transida

escoitas o son da morte  
escoitas o son das rías

pasan dornas pasan almas  
pasan as aves branquísimas

e levas camelias murchas  
na propia ausencia ferida

descalza e alucinada  
te mostras en carne viva

miña amada miña amiga...

\*

adiós ríos adiós fontes  
sobre o teu corpo sideral chovía

e chovía chovía...

desde Padrón a Santiago ibas descalza  
e chovía...

ao lonxe soa unha gaita  
que a paisaxe estremecía

se a gaita canta ou se chora  
dínolo ti Rosalía

miña amada miña amiga...

\*

Se choras es ti quen chora  
ti es a Rosa dos ventos fuxidía

onde se pule o misterio  
onde a prata se pulía

onde se eleva a conciencia  
quedou un rego de cinza

e onde o Pórtico da Gloria abre as súas portas benditas

queda unha flor vulnerada  
queda unha rosa aterida

queda un fragmento de soños  
queda o misterio da vida

os finos ouros do Sil reclaman fama e cobiza

e nas estancias do Pazo  
voces de sombras reclaman autonomía...

tristes pianos de loito  
voces de alondra ferida

miña amada miña amiga...

\*

O Sar camiña amodiño leva sombras leva lilas

leva o valeiro das almas  
e a soidade radial de Rosalía...

e a paixón estremada polos fillos  
e unha dolor escura

Negra Sombra Negra Sombra  
rosa de amor que ás veces desvaría

incendiáronche a noite  
marcáronche con lume a fábula da vida

miña sombra miña amiga...

*\*coda*

Naceras Rosalía cando as flores  
na espideza ontolóxica  
dunha saudade cruel radicalísima...

e aquí pervives : para ti n'hai morte  
badaladas TON... TON... de Pura Gloria  
interna sinfonía

eternamente xuntas na memoria  
mares montañas ríos luz do día

salmos sagrados xestas palpitantes  
un libro- o corazón- mítica historia

versos que a morte e o amor actualizan  
paixón da dolor eterna  
símbolos clave verbas sibilinas...

\*

Padrón Padrón Padrón... SEMPRE EN GALICIA!

miña sombra miña amiga...





les me unen como lo dice muy bien, las  
son estrechos que lo de la simple amia-  
tad, el alajamento en que por efecto de  
las circunstancias hemos vivido, no me  
permitia separar que tan impensadamen-  
te, podria volver a resumir unas re-  
laciones, que para mi tienen todo el valor  
que merecen, y ademas ver todavia  
viva a una persona que tan de veces

Un repoludo gaiteiro  
De pano sedán vestido,  
Com' un príncipe cumprido,  
Cariñoso e falangueiro,  
Antr' os mozos o pirmeiro  
E nas cidades sin par,  
Tiña costum' en cantar  
Aló po la mañanciña,  
*Con esta miña gaitiña*  
*Ás nenas ei d' engañar.*

Sempre pó la vila entraba  
Con aquel de señorío,  
Sempre con poxante brío  
Co tambor s' acompasaba:  
E si na gaita sopraba,  
Era tan doçe soprar,  
Que ven fixera en cantar  
Aló po la mañanciña,  
*Con esta miña gaitiña*  
*As nenas ei d' engañar.*

Todas por él reloucaban,  
Todas por él se morrían,  
S' ó tiñan cerca, sorrían,  
S' ó tiñan lonxe, choraban:  
Mal pecado! non coidaban  
Que c' aquel seu frolea  
Tiña costum' en cantar  
Aló pó-la mañanciña,  
*Con esta miña gaitiña*  
*As nenas ei d' engañar.*

Camiño da romería,  
Debaixo d' unha figueira,  
Canta meniña solteira  
¡Querote! lle repetía...  
Y él c' á gaita respondía  
Por á todas envoucar,  
Pois ven fixeira en cantar  
Aló pó-la mañanciña,  
*Con esta miña gaitiña*  
*As nenas ei d' engañar.*

Elas loquiñas bailaban  
E por xunta d' el corrian,  
Cegas... cegas que non vian  
As espiñas qu' as cercaban;  
Probes palomas buscaban  
A luz qu' as iba queimar  
Pois qu' el soupera cantar  
Aló pó-la mañanciña,  
*Con esta miña gaitiña*  
*As nenas ei d' enganar.*

¡Nás festas, canto contento!  
¡Canta risa nas fiadas!  
Todas, todas namoradas  
Deranll' ó seu pensamento;  
Y él que d' amores sedento  
Quixo á todas enganar,  
Cand' as veu dimpois chorar  
Cantaba nas mañanciñas,  
*Non sean elas toliñas*  
*Non veñan ó meu tocar.*

(Do poema «Un repoludo gaiteiro»)

## RAP REPOLUDO

E quer que lle quer  
e quer que lle quer.  
e que van querer?  
Poder.  
Poder as mozas tocar  
ao son da gaitiña  
que as fai reloucar.

Rosalía ben sabía:  
as mozas se sometían  
ao poder de sedución  
de arrogantes repoludos  
donos da gaita imperial  
son e sona universal  
A gaita favorecida  
enche o fol na economía  
na fama e na valía.  
Ninguén lle nega o dominio.

Resoa nos bancos,  
nos ministerios,  
nas academias  
e nos concellos.  
Todos a tocan.  
Se tocan mal  
igual liberan  
poder sexual.

E quer que lle quer  
E quer que lle quer.  
E que van querer?  
As mulleres no fogar.  
Fóra da orquestra  
sen instrumentos.  
Se tocan algo  
serán tarteiras.  
Fol e soprete  
punteiro e roncón  
son privilexios do superior.  
Para grilanda da diversión  
farrapos de gaita nelas penduran.  
Que foliada toca o patrón.

Rosalía ben sabía  
elas ían ao seu tocar  
fascinadas ao sentir  
acordes de autoridade  
sons de triunfo e vaidade  
en sorrisos compracentes  
en bocas de escorrenar.

Elas fervorosas ían.

*Cegas... cegas que non vían  
a luz que as ía queimar*

Mais cando a gaita sopraba  
*Elas louquiñas bailaban*  
pernas longas, coxas, cachas  
movían e as ofrecían  
dedos cheos de caricias  
cativadas, atraídas  
e quer que lle quer  
e quer que lle quer  
E que van querer?  
O que o gaiteiro quixer.

A fama, creto e renome  
da privilexiada gaita

anda en pobos e cidades  
ten reputación viril.  
Soa na empresa,  
tamén na igrexa,  
soa nas escolas.  
As nenas tolas  
buscan quimeras.  
E quer que lle quer  
e quer que lle quer  
e que van querer?  
*A luz que as ía queimar.*  
*Pobres pombas,*  
mozas meigas  
que se deixan enganar.

A foliada máis traidora  
soe tocala o papá.  
*Ten o seu punto*  
*a fresca rosa*  
*de ser collida*  
alá pola mañanciña  
mentres a rosa soñaba  
alguén pola porta entraba  
mandaba no seu xardín.




A nena dóese e cala  
nunca soubo se soñaba  
unha sombra que a tocaba  
e coa gaita desfloraba  
os pétalos da súa rosa.

E quer que lle quer  
E quer que lle quer  
e que van querer?  
As tetas tocar  
a testosterona  
segrega poder.  
Cun aquel de señorío  
tocan con puxante brío  
como quen monta un corcel  
o corpo que se abandona  
unha pel que sabe a mel.

O cinismo poderoso  
deixa tranquilas as consciencias  
dos gaiteiros fachendosos  
cando ven as decepcións  
e a tristeza que producen.

Son elas as que seducen!  
O repoludo alardea  
eu non o podo evitar.  
*Non sexan elas toliñas  
non veñan ao meu tocar.*

A handwritten signature in black ink, enclosed within a large, loopy oval shape. The signature appears to read 'M<sup>a</sup> Xosé Queizán'.

artistas, y que tubo la atencion, que apor-  
ris en muchos, de acordarse de mi.

Tenga U. la bondad de hacerlos asi pre-  
sente de mi parte y de toda mi familia  
que agradece asi mismo sinceramente, los  
apreciamientos que U. nos hace en nombre  
de la suya, y no duda que en la prime-  
ra ocasion que se me presente, que no  
tardara, parare a sea a U. a mi apre-

Arrepuñadas todas  
As carnes se me puñeron,  
E os cabelos no curuto  
Fórons' erguendo direitos:  
Gotas de sudor corrian  
Afió pó lo meu peito,  
E trembaba como tremban  
As auguas, cando fay vento,  
Ná pia da fonte nova  
Que sempre está revertendo.

(Do poema «Eu ben vin estar ó moucho»)

Sentada nun soportal  
pide un cigarro para o medo  
e está no alto a mesma curuxa que desnortada atravesou  
a avenida de Clara Campoamor

—con pánico sobrevoou os faros que relampan  
contra o asfalto pensou morrer  
pero á fin deuse agochado na barriga  
dunha árbore calquera.

Quedan lonxe os ameneiros de Sar.  
Chora sen que se note.

Resiste á noite urbana que a branquea de máis  
e permanece así, sen desatar os ollos  
nin a ira—

Á porta da casa  
a que pide quere despistar o arrepío  
cun vicio pequeno.

Dasme un cigarro?

E a pena escorre polos soportais  
contáxiase certa  
pregunta aos paseantes se a coñecen  
cando buscan no peto unha mota  
e confeita con bile e todos os medos os nomes,  
os apelidos, se se paran  
a ver que pasa.



Atipic vno o rororany or mi amigo  
Atipic vno a ma can e or ten mabala  
E s'ela de viden ine consunçia  
Dora de pena me comenzo acia

Por eso á meniña hermosa,  
Foxe d' alegre fontíña,  
Tal como triste ovelliña  
Que trema de dor queixosa.  
Vay sentida, vay chorosa,  
Mentras lle cantan con saña:  
—¡Da montaña! ¡da montaña!

Y ela, que de tal s' estraña  
Ferida no que mais sinte,  
Qu' á maltraten non consinte,  
Y así lles contesta uraíña:  
*Anque ché son da montaña,*  
*Anque ché son montañaesa,*  
*Anque ché son, non me pesa.*

(Do poema «Roxiña cál sol dourado»)



## CARRETERA ERÓTICA

I

Da montaña baixou.  
E despois de tanta curva  
había quen se mofaba dela.  
A costa, o sur.  
Con quen xogar no sur?  
O sol, calor.  
Repetían o que ela dicía e rían.

Todo cambiou o ano en que  
medraron as tetas e  
a nena  
fíxose moza mirando o chan  
co corpo encollido.  
Na neve de ollos verdes naceu lume.

II

Da montaña marchou.  
E despois de tanta curva  
escribiu que non foi fácil ir ás festas.  
Que á volta pasaba días e  
noites enteiras atada  
ás patas da cama.

Entendeu de fábricas e  
quixo erguer o corpo, mirar á fronte.  
Ás veces só podía caer e  
caer e  
caer.

Mancou. Mancouse.  
A moza  
construíu un forte de rabia e soños  
coa xente máis vixiada da cidade.

III

Fóra da montaña traballou.  
E despois de tanta curva  
había un hospital e un home  
dúas veces enfermo.

El pregunta: te obligan a hablar en gallego?

Non señor.

El aconsella: pues perdona pero  
así no vas a ningún sitio.

A muller

contesta huraña: Vou si.

E con humor. De momento...

vouno levar a vostede á sala de raios.

IV

Na montaña ficou.

E alí, antes de tanta curva,  
viu como todas voaban alto  
para despois caer e

caer e


caer.

Dicía: veñen, comen, beben e vanse.

A vella

coceu unha e outra vez as ás  
rotas, tocando sempre a mesma canción.

Escoita:  
este é o ruído de pelar unha pataca,  
non é máis ca iso, é o ruído de pelar  
unha pataca xunto ao ritmo  
do corazón acelerado.

A handwritten signature in black ink, reading 'Xiana'. The 'X' is large and stylized, with a dot above the 'i'. The 'a' is written with a long horizontal stroke underneath it.

En un ha parte d'apòle,  
A un olle de bords mar,  
A mia vida en enton  
A mia harmonia en  
fins conda en fin  
galan, de mi harmonia

Les choros... galan, a mator  
Cul on a ti tin choros;  
Les moros per min...  
Et cantar d'in a mator cantar  
Cindamata s'el or frotar,  
Difactor q'ei galan.

Quantan' a tans olle bords,  
i loms en en de gantar!  
Quantan' m'interdia a' el  
Quantan' galan m'inter  
Candis me t'inter m'inter  
M'inter a' ey de m'inter en gantar d'el,  
M'inter d'inter a m'inter

Pasan n' aquesta vida  
Cousiñas tan extrañas,  
Tan raros feitos vense  
Neste mundo de trampa;  
Tantos milagres vellos  
Tan novas insinanzas,  
E tan reboltos allos  
Con nome d' ensaladas,  
*Que non che digo nada...*  
*Pero vaya!*

(Do poema «Non che digo nada...»)

## QUE É DOR A DOR QUE DE VERAS SENTE

Teño cara de gustarme  
as cousas que non me gustan.

Os labios de toda a xente  
falan sen despegarse.

Isto tamén é así.

As paredes dunha gruta na que alguén, hai dez mil anos,  
desdoura o natural da pedra.

Moedas, corrente alterna,  
unha rapaza nada cos xenes da beleza,  
toda picada de complexos.

Coma un orgasmo de Hedy Lamarr, os ollos de Nikola Tesla.

Un país onde non ser,  
onde só cómpre  
parecelo.

Luvas desenfundadas, sal, a máis prestixiosa  
de todas as escolas de dobraxe.

O capital é o pesadelo  
de quedarmos atoados na nosa capacidade simbólica.  
A máis favorecedora de todas:  
maquillaxe tanatoestética.  
Anos de traballo voltos un pedazo de granito ecuestre.  
Unha industria da miseria, as leiras do volframio.  
Coma un corpo ardente que sabe, e  
disimula.  
Pestanas postizas de marca barata, unha imaxe  
idéntica a si mesma.

*Tantos milagres vellos,  
tan novas ensinanzas,  
que non che digo nada...  
Pero vaia!*

Coma poesía política que se confunde  
cunha autofoto fronte ao espello do baño.  
A metonimia do mal,  
normativo dislocado.  
Escenificación, menú, a escaleira de incendios do discurso.  
Algo ao que lle medran raíces aéreas




e devece por volver á terra en canto hai tempo que saíu á luz;  
coma os ollos das patacas.

A ollada do poema é tamén así,  
filas de formigas obreiras  
esmagadas para permanecer,

restos de acenos  
que parecen

outra cousa.

y Gestalt

A handwritten signature in black ink that reads "y Gestalt". The signature is written in a cursive, somewhat abstract style. Below the signature, there is a small, hand-drawn star symbol.

Gachi, gachi,  
Que dencho de gato!  
Como se farta  
No prebe do prato!

Inda rebentes,  
Larpeiro rabudo!  
Qu' inda na gorxa  
Ch' aperten un nudo!

(Do poema «Vente, rapasa»)

Que si oira e nos falara,  
Moitas cousas lle dixera,  
Moitas cousas lle contara.

(Do poema «Campanas de Bastabales»)

*Eu ben vin estar ó moucho  
Enriba d' aquel penedo:  
¡Non che teño medo, moucho,  
Moucho, non che teño medo!*

(Do poema «Eu ben vin estar ó moucho»)

| O TRANSVISIBLE |

*Por un casual, despois de exercer de filla exemplar, de muller sofrida,  
e de nai perfecta, quédache tempo para exercer de poeta?*

(Aurelio Aguirre a Rosalía de Castro en *Agasallo de Sombras*,  
Roberto Vidal Bolaño)

Muller que sabes: anoxas.

Abra que sempre se abra.  
E abren, ábrense paso os pensamentos  
coa súa mutación celular de especie invasora  
asombrosa  
asomb  
rosa.

::Rosalía, move ese mostacho teu para que saibamos que es ti  
pestanexa tres veces se queres que che deixen en paz  
podes cravarnos nas pupilas a túa bota azul,  
caballera miña señor,  
podes o que unha vez tiven enriba daquel penedo. Non.  
Non che temos medo.

Pero vaia::

*Algunhas fixemos máis cousas que escribir poemas. Amamos,  
aborrecemos,  
sufrimos, tivemos fillos, pasamos fame...!*

*E se vives afastada do trato coa xente, faste a interesante!  
A tola!*

Escribir como parte dun proceso ou aquel de sociofobia.  
Escribir como voz que retella  
retalla, agasalla sombras e mira ti:  
pídenme un frankenstein de textos  
así que sacho un cerebro que se me abre nun fungo nuclear  
bio-lento  
metido a presión no cranio do verso

Planck!  
parte dun multiverso.

::Rosabolaño. Vidalía. Que cousas tes!  
Polícrates, que tes?  
Iso de ver ala de moucho na curuxa que ri, Atenea.  
Que le que le que lía. Rosaliz, que carallo tes?:

Pola túa matriz de sete quilos na que se tronza un cancro  
transmitido de prostitución en prostitución  
polos teus fillos de holograma moitas cousas lles dixera  
moitas cousas lles contara  
follas vivas que ao pasaren cortan no dedo co canto  
o canto das follas cantaren pola gracia  
pola fouce que fauce ou salta dun golpe, dun soio,  
parimos realidade túa que conforme pasan tempo e tinta  
aumenta.  
Rebenta.

*Que escolla entre ser quen el quere que sexa ou ser eu mesma!*

::Qué dencho de ghato  
o de Schrödinger, digo

que come e non come  
un home é un home  
e un gható é un bicho  
e dona dona dona  
don de Rosalía e lía e lía  
unha rosa éche unha rosa  
éche unha lea. Lía con ela.  
*La femme. La femme fractale.*  
Transuránica a capricho.  
Move o mostacho, muller,  
no prebe do prato  
que che han fartar pronto::

*Só fala para se escoitar a si mesma!  
Quéro saber todo e non sabe nada!  
Onde está o seu talento?*


Non che teño medo, gachi gachi.  
Que se oíra e nos falara  
Crac Gong Crac Policrá.  
Muller que sabes: moito me sabes  
Home, qué tes: home que dádeme un.

Humus de abismo  
nun imbécil mundo.

Estou que rebento.  
Estou que.  
Trans que.  
Sei que.

Abrídeme os pensamentos  
para eu saber se aínda  
cantar vivo a folla viva,

Curuxas.



*Nota: todas as citas en cursiva pertencen a distintos personaxes  
—principalmente Rosalía de Castro— da obra Agasallo de Sombras,  
de Roberto Vidal Bolaño*

E tamen vexo enloitada  
D' Arretén á casa nobre  
Dond' á miña nay foy nada,  
Cal viudiña abandonada  
Que cay triste ô pe d' un robre.

Ali esta sombra perdida  
Vós sin son, corpo sin alma,  
Amazona mal ferida  
Qu' ô sentir que perd' á vida  
Se adormece en xorda calma.

(Do poema «Como chove mihudiño»)



Un suspiro alenta baixo a pel cuarteada das paredes  
arfando no po que cubriu a(s) vida(s).

Sobre a memoria que me conta tamén a min  
o silencio que atragoa a casa éñchese cos tránsitos  
as dores, as cinsas  
d/os incendios que prendían naquela infancia.


As silvas enraízan no leito dos partos  
embrollan co espiño o último hálito dos avós.  
Entre os días doutra que fun, comida da humidade  
aniñan as prendas queridas os insectos  
procrean entre a madeira e os muros da casa.

Arquitectura e xeografía dita doa, identidade.

Nomeo cada lugar desde a mesma fisura aberta  
onde me busco e me silabeo  
deixándome retornar a un espazo dondo

de min propia  
como pertenza rescatada  
entre os cadáveres que deixou o tempo.

(Lonxe... volvo unha e outra e outra vez)

A handwritten signature in black ink, consisting of the name 'Lorena Souto' written in a cursive style, enclosed within a large, sweeping, circular flourish that ends in a small arrowhead pointing to the right.

Si algundolor abandona su alma,  
Otro mas vivo y mas intenso  
En sus entrañas haciendo el nido  
Para el incognito mayor tormento  
Mucho mas honda y mas terrible  
Siempre los últimos que los primeros  
Algun espanto encamado  
En un malabazante algun temido

Arriba!  
Todas, rapaciñas do lugar!  
Que ó sol  
Y á aurora xa vos vén á despertar:

(Do poema «Alborada»)

Non todas cantan Non todas cantan

A liña escura na fronte detida

No bico o labor e a rabia

Eu sei

Que as cantaba

Eu sei

Alba fora mais roxa

O seus corpos na xeadá fría

Afogan aí exhaustos

Como agora direi que bailen

se terman da reixa e na reixa

detén a sombra o seu paso? Cala río

cala

que son auga

Vellas rapaciñas todas prendidas no lugar

Cúrvanse nos anos

nesta quietude que estrala

—Triste vago resplandor—

A boca en alborada      cala


Eu sei

Non todas cantan

Quen baila agora?

Quen a aurora agarda?

Quen a sombra espanta?



Ma Zouan!





**QUEN SON ELAS?**



**COMBA CAMPOY** (Santiago de Compostela, 1979)

Xornalista e actriz, a súa carreira profesional móvese entre os mundos da información, as artes escénicas e o audiovisual. Como xornalista dirixiu a revista *Escaramuza* entre 2003 e 2008, e integrou o equipo de redacción da revista *Tempos Novos* entre 2009 e 2011, ademais de colaborar con distintos medios dixitais e revistas. Paralelamente, traballou como actriz en distintas pezas teatrais coa compañía Volta e Dálle, así como na televisión (*Rías Baixas, Valderrei*) e cine (*Días de voda*). Produciu e escribiu o guión de documentais de temática histórica (*O novo Endem, Historia do Nacionalismo Galego, Morreu o Demo, Acabouse a peseta*). Na actualidade prepara a súa tese de doutoramento sobre o teatro popular en Galicia.

**LUPE GÓMEZ ARTO** (Fisteus, 1972)

Xornalista de formación, colaborou con *El Correo Gallego* ou *Galicia Hoxe*, pero é coñecida sobre todo polos seus poemarios, a partir da publicación de *Pornografía* en 1995, aínda que ultimamente amosou tamén interese pola narrativa (*Fisteus era un mundo*, 2001; *Quero bailar*, 2006) e polo teatro. A produción de Lupe Gómez caracterízase por unha singu-

lar mestizaxe de elementos feministas, surrealistas, libertarios, existencialistas e autobiográficos. Varias das súas obras obtiveron destacados galardóns, como os poemarios *O útero dos cabalos* (2005, Premio Johán Carballeira) ou *Azul e estranxeira* (2004, Premio Eusebio Lorenzo).

### **LUZ POZO GARZA** (Ribadeo, 1922)

Licenciada en Filoloxía Románica e con estudos superiores de piano. Dedicouse profesionalmente á docencia da lingua e a literatura españolas no ensino secundario, xubilouse como catedrática en 1982.

No ámbito editorial, dirixiu revistas literarias tan importantes como *Nordés* ou *Clave Orión*. Na súa obra poética salientan títulos como *Ánfora* (1949), *O paxaro na boca* (1952), *Últimas palabras/ Verbas derradeiras* (1975), *Concerto de outono* (1981), *Códice Calixtino* (1986), *Prometo a flor de Loto*, *Vida secreta de Rosalía* (1996), *Medea en Corinto* (2002), *Historias fidelísimas* (Antoloxía, 2003) e a edición da súa poesía completa, *Memoria Solar* (2004), que recolle catorce poemarios de 1949 a 2004.

Como ensaísta publicou *Álvaro Cunqueiro e 'Herba de aquí e acola'* (1991), *A bordo de 'Barco sin luces'* sobre Luís

Pimentel, *Galicia ferida (A visión de Luís Seoane)* (1994) ou *Ondas do mar de Vigo: Erotismo e conciencia mítica nas cantigas de amigo* (1996).

O seu intenso labor literario fíxoa merecedora de numerosas distincións e premios. Dende 1996 é membro numerario da Real Academia Galega.

Os seus poemas foron traducidos ao portugués, catalán, francés, inglés, alemán, húngaro, ruso e xaponés.

### **MARÍA XOSÉ QUEIZÁN** (Vigo, 1939)

Arestora xubilada da súa actividade docente como catedrática de lingua e literatura galegas, leva toda a vida vencellada ao nacionalismo e comprometida co feminismo militante. Promotora e coordinadora da revista *Festa da palabra silenciada*, a súa curiosidade intelectual e creatividade levárona a experimentar todos os xéneros literarios. Así, foi unha das revitalizadoras do ensaio de posguerra, con obras como *A muller en Galicia* (1977) ou *Recuperemos as mans* (1980). No eido da narrativa, introduciu en Galicia a técnica obxectalista, importada do *nouveau roman* francés, en *A orella no buraco* (1965) e apostou por reescribir a historia pondo o foco no papel das mulleres en *Amantia*

(1984); nas súas últimas obras reivindica o dereito á diferenza e denuncia a violencia que decote se exerce sobre as mulleres nos diversos ámbitos (*Ten o seu punto a fresca rosa*, 2000; *Meu pai vaite matar*, 2011). Desenvolve tamén, dende a década dos 60, unha esporádica pero constante actividade teatral, na que destacan obras como *Antígona, a forza do sangue* (1991). Publicaría poesía serodiamante pero con grande éxito de crítica e público a partir de *Despertar das amantes* (1993). Como tradutora, achegouse a Marguerite Yourcenar, Karen Blixen ou Emilia Pardo Bazán. Colabora asiduamente en diferentes publicacións periódicas. En 1998, foi nomeada Socia de Honra da AELG. En 2011, o Pen Clube de Galicia outorgoulle o premio Voz da Liberdade e, en 2013, a Federación de Libreiros o Irmandade do Libro, en recoñecemento á súa traxectoria.

**OLALLA COCIÑA LOZANO** (Viveiro, 1979)

Obtivo no ano 2000 o premio de poesía ‘O Facho’. Publicou *As cervicais da memoria* (premio ‘Avelina Valladares’ 2004), *Aquí (intemperies)* (2006), *Libro de Alicia* (premio Fiz Vergara Vilariño 2008) e *Ningún precipicio* (2013). Participou nas publicacións colectivas *Das sonorasas cordas. 15 poetas desde*

*Galicia, Poetas con Rosalía, Volverlles a palabra, Letras novas, Sentimentalismo. Antoloxía de referencia. Etapa de implantación*, entre outras. Súa é a autoría dos blogs [www.reveladora.blogspot.com](http://www.reveladora.blogspot.com) e [www.acordome.blogspot.com](http://www.acordome.blogspot.com). Coorganiza en Santiago o ciclo de lecturas poéticas Picaversos xunto a Branca Novoneyra.

**XIANA ARIAS REGO** (A Fonsagrada, 1983)

Vive en Compostela e traballa como xornalista no *Diario Cultural* da Radio Galega. Publicou dous libros de poemas: *Ortigas* (Espiral Maior, 2007) e *Acusación* (Galaxia, 2009). Outros textos seus poden lerse nas revistas *Xistral* e *Dorna*, e nos desaparecidos suplementos *Luces*, da edición galega de *El País*, ou a *Revista das Letras de Galicia Hoxe*. Participou no artefacto Pirata realizado en apoio ao Cineclub de Compostela e no volume colectivo *Non conciliados* (Cineclub de Compostela, 2011) así como en dúas edicións do Festival da Poesía do Condado. Grupos como Ataque Escampe e Fanny e Alexander utilizaron textos seus nos seus discos. En 2013 realizou unha colaboración coa formación musical Habelas Hainas.

### **YOLANDA CASTAÑO** (Compostela, 1977)

Poeta, videocreadora e activa dinamizadora cultural. Premio da Crítica Española, Premio Espiral Maior e Premio Ojo Crítico tras 5 poemarios individuais. Fusiona poesía con outras linguaxes creativas, e ten mostrado o seu traballo por toda Europa e América, Túnez ou Xapón. Dirixe obradoiros, festivais de poesía e ciclos de recitais mensuais con poetas galegos e estranxeiros. Durante anos traballou na TVG, e recibiu bolsas de creación en residencia en institucións de Grecia e Alemaña. Ten publicado diversas obras tamén como editora, tradutora e autora de poesía para nenos/as. Na súa obra, traducida a máis de 15 linguas, *Profundidade de campo* constitúe o último título.

### **ESTÍBALIZ ESPINOSA**

Escritora. Músico. Publicou os libros de poemas *papel a punto de*, *Pan (libro de ler e desler)*, *-orama, número e* ou *Zoommm. Textos biónicos*. Escribe relatos, artigos e fai traducións e obradoiros sobre literatura, tradicional e dixital.

Anda tras o híbrido literatura::ciencia.

Parte da súa obra pode atoparse en:

*...mmm...* [[www.estibalizes.wordpress.com](http://www.estibalizes.wordpress.com)]

*abra la cápsula, por favor* [[www.estibaliz.wordpress.com](http://www.estibaliz.wordpress.com)].



**LORENA SOUTO** (O Páramo, Lugo, 1983)

É licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela e realizou estudos de doutoramento en Teoría da Literatura e Literatura Comparada.

Desde o ano 2007 forma parte do consello de redacción da revista *Dorna*, e ten publicado textos da súa autoría en diversas obras e proxectos colectivos, ademais de participar en numerosos recitais. En 2012 publicou o seu primeiro libro, *Fase de trema*, co que gañou a XXIV edición do Premio Pérez Parallé de poesía.

**ANA ROMANÍ** (Noia, A Coruña, 1962)

Escritora e xornalista. Desde 1990 dirixe o programa *Diario Cultural* da Radio Galega, recoñecido con diversos galardóns.

Autora dos poemarios *Palabra de Mar* (ed. de autora, 1987), *Das últimas mareas* (ed. Espiral Maior, 1994), *Arden* (ed. Espiral Maior, 1998), *Love me tender. 24 Pezas mínimas para unha caixa de música* (col. Poeta en Compostela, 2005), *Estremas* (ed. Galaxia, 2010). A súa obra está recollida en diversos libros colectivos e antoloxías.

# Índice

5 PRESENTACIÓN  
Ramón Villares

9 ADRO  
Comba Campoy

### ROSALÍA DE CASTRO

18 «As de cantar»

26 «Nasin cand' as prantas nasen»

34 «Un repoludo gaiteiro»

44 «Eu ben vin estar ó moucho»

48 «Roxiña cál sol dourado»

54 «Non che digo nada...»

58 «Vente, rapasa»  
«Campanas de Bastabales»  
«Eu ben vin estar ó moucho»

64 «Como chove mihudiño»

68 «Alborada»

75 QUEN SON ELAS?

### CANTARES

19 Lupe Gómez Arto  
Carta-chaqueta de farrapos vellos para Rosalía

27 Luz Pozo Garza  
Tempos menesterosos Rosalía

37 María Xosé Queizán  
Rap repoludo

45 Olalla Cociña  
[Sentada nun soportal]

49 Xiana Arias Rego  
Carretera erótica

55 Yolanda Castaño  
Que é dor/ a dor que de veras sente

59 Estíbaliz Espinosa  
I O transvisible I

65 Lorena Souto  
[Un suspiro alenta baixo a pel cuarteada das paredes]

69 Ana Romaní  
[Non todas cantan Non todas cantan]

## ÍNDICE DO CD

	[PISTA CD]	DURACIÓN
ADRO		
Comba Campoy	[1]	2:29
<i>Carta-chaqueta de farrapos vellos para Rosalía</i>		
Lupe Gómez Arto	[2]	12:00
<i>Tempos menesterosos Rosalía</i>		
Luz Pozo Garza	[3]	5:41
<i>Rap repoludo</i>		
María Xosé Queizán	[4]	6:03
<i>[Sentada nun soportal]</i>		
Olalla Cociña	[5]	2:20
<i>Carretera erótica</i>		
Xiana Arias Rego	[6]	3:56
<i>Que é dor/ a dor que de veras sente</i>		
Yolanda Castaño	[7]	4:29
<i>O transvisible</i>		
Estibaliz Espinosa	[8]	5:38
<i>[Un suspiro alenta baixo a pel cuarteada das paredes]</i>		
Lorena Souto	[9]	3:39
<i>[Non todas cantan Non todas cantan]</i>		
Ana Romaní	[10]	2:52

ISBN 978-84-92923-27-4



9 788492 923274



CONSELLO DA CULTURA GALEGA